# Informe sobre a Enquisa Trimestral de Custo Laboral

Datos correspondentes ao segundo trimestre de 2025

Data de publicación: 16/09/2025

## Principais resultados

- No segundo trimestre do 2025, o custo laboral das empresas rexistrou unha taxa de variación anual do 2,3 % en Galicia; no conxunto de España a taxa foi do 3 %.
- O custo laboral total en Galicia é de 2.881,73 euros, sendo a media nacional de 3.256,54 euros.
- O custo salarial situouse en Galicia en 2.113,47 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 2.416,5 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta un 5 % en Galicia e un 5,5 % en España.
- A xornada semanal media pactada é de 34,9 horas semanais en Galicia e de 34,8 horas en España.

**Custo laboral por traballador e mes. Taxas de variación interanual ( %)**




*Fonte: INE*

# 1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral das empresas, que é o custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo, subiu un 2,3 % en Galicia no segundo trimestre do 2025, situándose nos 2.881,73 euros. En España acada os 3.256,54 euros, un 3 % máis que no mesmo trimestre do 2024.

### Custo laboral. Segundo trimestre de 2025

| Compoñentes do custo | Euros | Taxa interanual |
|---|---|---|
| Custo laboral total | 2.881,73 | 2,3 |
| Custo salarial total | 2.113,47 | 2,5 |
| Outros custos | 768,26 | 2,0 |
| Percepcións non salariais | 69,94 | -3,1 |
| Cotizacións obrigatorias | 714,61 | 2,9 |
| Subvencións e bonificacións | 16,29 | 20,0 |

Fonte: INE

*Nota: as subvencións detráense dos outros custos*

### Achegas á taxa de variación interanual do custo total




O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 2.113,47 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 2,5 %. En España, o custo salarial crece un 2,7 %.
- Os **outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 768,26 euros en Galicia, co que aumentan un 2 %; en España crecen un 4 %, ata os 840,04 euros.

# 2. Custo laboral segundo actividade económica

O custo laboral total increméntase nos tres grandes sectores.

Na industria o custo total aumenta un 5,1 %, sendo a taxa interanual do custo salarial total do 5,3 %.

## Industria. Segundo trimestre de 2025

| Compoñentes do custo | Euros | Taxa interanual |
|---|---|---|
| Custo laboral total | 3.460,06 | 5,1 |
| Custo salarial total | 2.531,98 | 5,3 |
| Outros custos | 928,08 | 4,4 |
| Percepcións non salariais | 70,99 | -1,9 |
| Cotizacións obrigatorias | 866,85 | 5,1 |
| Subvencións e bonificacións | 9,76 | 15,1 |

Fonte: INE

*Nota: as subvencións detráense dos outros custos*

## Achegas á taxa de variación interanual do custo total




O custo total na construción medra un 1,8 %, variando o custo salarial total un 3,5 % e os outros custos un -1,8 %.

## Construción. Segundo trimestre de 2025

| Compoñentes do custo | Euros | Taxa interanual |
|---|---|---|
| Custo laboral total | 3.190,21 | 1,8 |
| Custo salarial total | 2.206,96 | 3,5 |
| Outros custos | 983,25 | -1,8 |
| Percepcións non salariais | 155,01 | -16,0 |
| Cotizacións obrigatorias | 840,68 | 1,2 |
| Subvencións e bonificacións | 12,44 | -11,3 |

Fonte: INE

*Nota: as subvencións detráense dos outros custos*

## Achegas á taxa de variación interanual do custo total




Nos servizos o custo total increméntase un 1,6 %, sendo a variación interanual do custo salarial total do 1,5 % e a dos outros custos do 1,7 %.

## Servizos. Segundo trimestre de 2025

| Compoñentes do custo | Euros | Taxa interanual |
|---|---|---|
| Custo laboral total | 2.722,34 | 1,6 |
| Custo salarial total | 2.009,88 | 1,5 |
| Outros custos | 712,46 | 1,7 |
| Percepcións non salariais | 61,99 | -0,4 |
| Cotizacións obrigatorias | 668,59 | 2,4 |
| Subvencións e bonificacións | 18,12 | 23,4 |

Fonte: INE

*Nota: as subvencións detráense dos outros custos*

## Achegas á taxa de variación interanual do custo total



# 3. Tempo de traballo

No segundo trimestre de 2025, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,9 horas semanais, e destas, pérdense 5,4 horas. En España, a xornada semanal pactada é de 34,8 horas, das que se perden 5 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 29,7 horas semanais en Galicia e de 30 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia un 5 % e en España un 5,5 %.

**Custo laboral por hora efectiva. Segundo trimestre de 2025**

| | Euros | | Taxa interanual | |
|---|---|---|---|---|
| **Compoñentes do custo** | **España** | **Galicia** | **España** | **Galicia** |
| Custo laboral total | 24,99 | 22,32 | 5,5 | 5,0 |
| Custo salarial total | 18,54 | 16,37 | 5,2 | 5,1 |
| Outros custos | 6,45 | 5,95 | 6,6 | 4,8 |

Fonte: INE

# 4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha taxa do 2,5 % respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

**Custo laboral por traballador e mes. Taxas de variación interanual (%)**




*Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE*

# 5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid, que supera en 612,18 euros á media nacional, mentres que en Canarias o custo laboral é inferior á media nacional en 590,23 euros.

O custo laboral aumenta en todas as comunidades autónomas agás Asturias (-1 %). Os maiores incrementos prodúcense en A Rioxa (4,8 %), Andalucía (4,5 %) e Cantabria (4,5 %).

**Custo laboral total. Taxa de variación interanual ( %). Segundo trimestre de 2025**




*Fonte: INE*

# 6. Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Estúdanse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

**Custo laboral**: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

**Custo salarial**: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

**Outros custos**: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

**Hora efectiva**: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

**Custo laboral por traballador e mes**: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

**Custo laboral por hora efectiva de traballo**: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

# 7. Anexo cadros

### Cadro 1: Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Segundo trimestre de 2025

### Galicia

| Compoñentes do custo | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual |
| Custo laboral total | 2.881,73 | 2,3 | 3.460,06 | 5,1 | 3.190,21 | 1,8 | 2.722,34 | 1,6 |
| Custo salarial total | 2.113,47 | 2,5 | 2.531,98 | 5,3 | 2.206,96 | 3,5 | 2.009,88 | 1,5 |
| Custo salarial ordinario | 1.858,34 | 2,0 | 2.155,03 | 5,1 | 1.896,54 | 0,9 | 1.787,45 | 1,3 |
| Outros custos | 768,26 | 2,0 | 928,08 | 4,4 | 983,25 | -1,8 | 712,46 | 1,7 |
| Percepcións non salariais | 69,94 | -3,1 | 70,99 | -1,9 | 155,01 | -16,0 | 61,99 | -0,4 |
| Cotizacións obrigatorias | 714,61 | 2,9 | 866,85 | 5,1 | 840,68 | 1,2 | 668,59 | 2,4 |
| Subvencións e bonificacións | 16,29 | 20,0 | 9,76 | 15,1 | 12,44 | -11,3 | 18,12 | 23,4 |

### España

| Compoñentes do custo | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual |
| Custo laboral total | 3.256,54 | 3,0 | 3.817,22 | 3,4 | 3.283,67 | 4,3 | 3.161,70 | 2,8 |
| Custo salarial total | 2.416,50 | 2,7 | 2.792,27 | 2,3 | 2.320,83 | 4,2 | 2.361,51 | 2,7 |
| Custo salarial ordinario | 2.041,43 | 3,0 | 2.305,53 | 3,3 | 1.959,42 | 4,4 | 2.003,89 | 2,9 |
| Outros custos | 840,04 | 4,0 | 1.024,95 | 6,6 | 962,84 | 4,6 | 800,19 | 3,4 |
| Percepcións non salariais | 78,80 | 5,4 | 109,68 | 30,7 | 110,90 | 7,9 | 71,28 | 0,2 |
| Cotizacións obrigatorias | 775,27 | 3,8 | 927,60 | 4,2 | 862,62 | 4,0 | 743,49 | 3,7 |
| Subvencións e bonificacións | 14,04 | 1,0 | 12,33 | -1,4 | 10,68 | -9,0 | 14,57 | 2,0 |

*Fonte: INE*

## Cadro 2: Custo laboral por hora efectiva. Segundo trimestre de 2025

### Galicia

| Compoñentes do custo | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual |
| Custo laboral total | 22,32 | 5,0 | 24,66 | 6,6 | 21,89 | 4,7 | 21,76 | 4,5 |
| Custo salarial total | 16,37 | 5,1 | 18,04 | 6,7 | 15,14 | 6,4 | 16,07 | 4,4 |
| Custo salarial ordinario | 14,39 | 4,6 | 15,36 | 6,6 | 13,01 | 3,7 | 14,29 | 4,2 |
| Outros custos | 5,95 | 4,8 | 6,62 | 6,1 | 6,75 | 1,0 | 5,69 | 4,6 |

### España

| Compoñentes do custo | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual |
| Custo laboral total | 24,99 | 5,5 | 27,21 | 6,4 | 22,60 | 6,9 | 24,79 | 5,3 |
| Custo salarial total | 18,54 | 5,2 | 19,90 | 5,2 | 15,98 | 6,8 | 18,51 | 5,1 |
| Custo salarial ordinario | 15,66 | 5,5 | 16,43 | 6,1 | 13,49 | 7,0 | 15,71 | 5,4 |
| Outros custos | 6,45 | 6,6 | 7,31 | 9,8 | 6,62 | 6,9 | 6,28 | 5,9 |

*Fonte: INE*

## Cadro 3: Horas semanais por traballador e mes. Segundo trimestre de 2025

### Galicia

| Tipo de xornada | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas |
| Ambas xornadas | 29,7 | 5,4 | 32,3 | 6,4 | 33,5 | 5,4 | 28,8 | 5,1 |
| Xornada a tempo completo | 32,9 | 6,0 | 33,3 | 6,6 | 34,1 | 5,5 | 32,6 | 5,8 |
| Xornada a tempo parcial | 17,4 | 3,1 | 22,1 | 4,1 | 18,4 | 2,9 | 16,9 | 3,1 |

### España

| Tipo de xornada | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas |
| Ambas xornadas | 30,0 | 5,0 | 32,3 | 6,0 | 33,4 | 5,0 | 29,3 | 4,9 |
| Xornada a tempo completo | 33,2 | 5,7 | 33,3 | 6,3 | 34,3 | 5,2 | 33,1 | 5,6 |
| Xornada a tempo parcial | 18,9 | 2,8 | 20,3 | 2,9 | 20,2 | 2,3 | 18,8 | 2,8 |

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE*

*Nota: a efectos do cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes*

## Cadro 4: Custo laboral total por comunidades autónomas. Segundo trimestre de 2025

| | Custo laboral por traballador e mes | | | Custo laboral por hora efectiva | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Espazo | Euros | Índice (2016=100) | Taxa interanual | Euros | Índice (2016=100) | Taxa interanual |
| España | 3.256,54 | 126,6 | 3,0 | 24,99 | 114,4 | 5,5 |
| Andalucía | 2.908,01 | 126,4 | 4,5 | 22,33 | 114,9 | 7,9 |
| Aragón | 3.148,99 | 127,9 | 2,2 | 24,39 | 116,4 | 6,3 |
| Asturias, Principado de | 3.132,33 | 118,0 | -1,0 | 25,08 | 110,8 | 3,5 |
| Baleares, Illas | 3.156,55 | 140,5 | 4,3 | 22,80 | 112,3 | 5,8 |
| Canarias | 2.666,31 | 133,3 | 3,4 | 20,26 | 109,6 | 5,1 |
| Cantabria | 3.007,86 | 120,9 | 4,5 | 23,80 | 115,2 | 6,7 |
| Castela e León | 2.932,23 | 124,3 | 3,6 | 23,08 | 115,2 | 6,4 |
| Castela-A Mancha | 2.899,64 | 124,4 | 1,6 | 22,15 | 114,9 | 3,5 |
| Cataluña | 3.537,68 | 130,5 | 3,0 | 27,22 | 116,1 | 4,7 |
| Comunidade Valenciana | 2.917,46 | 127,3 | 3,3 | 22,41 | 115,0 | 4,3 |
| Estremadura | 2.688,86 | 128,0 | 3,0 | 21,09 | 119,5 | 7,5 |
| Galicia | 2.881,73 | 122,0 | 2,3 | 22,32 | 114,0 | 5,0 |
| Madrid, Comunidade de | 3.868,72 | 125,9 | 2,2 | 28,75 | 114,5 | 4,6 |
| Murcia, Rexión de | 2.812,36 | 120,3 | 0,9 | 22,10 | 113,7 | 7,0 |
| Navarra, Comunidade Foral de | 3.527,78 | 122,9 | 2,1 | 27,91 | 114,5 | 6,6 |
| País Vasco | 3.582,58 | 117,2 | 4,1 | 29,47 | 107,9 | 7,8 |
| Rioxa, A | 3.094,78 | 132,7 | 4,8 | 24,54 | 124,3 | 6,6 |

*Fonte: INE*

## Cadro 5: Custo salarial por comunidades autónomas. Segundo trimestre de 2025

| | Custo salarial por traballador e mes | | | Custo salarial por hora efectiva | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Espazo | Euros | Índice (2016=100) | Taxa interanual | Euros | Índice (2016=100) | Taxa interanual |
| España | 2.416,50 | 126,9 | 2,7 | 18,54 | 114,7 | 5,2 |
| Andalucía | 2.147,63 | 126,9 | 5,2 | 16,49 | 115,4 | 8,6 |
| Aragón | 2.324,10 | 128,2 | 1,3 | 18,00 | 116,7 | 5,4 |
| Asturias, Principado de | 2.337,19 | 118,6 | -1,4 | 18,72 | 111,2 | 3,1 |
| Baleares, Illas | 2.319,52 | 140,4 | 4,5 | 16,76 | 112,3 | 5,9 |
| Canarias | 1.936,71 | 134,2 | 3,4 | 14,72 | 110,5 | 5,1 |
| Cantabria | 2.098,52 | 114,9 | -1,2 | 16,61 | 109,4 | 1,0 |
| Castela e León | 2.158,50 | 124,0 | 2,8 | 16,99 | 115,0 | 5,7 |
| Castela-A Mancha | 2.135,34 | 125,6 | 1,4 | 16,31 | 116,0 | 3,4 |
| Cataluña | 2.635,34 | 131,4 | 2,4 | 20,28 | 117,0 | 4,1 |
| Comunidade Valenciana | 2.148,21 | 127,7 | 3,1 | 16,50 | 115,3 | 4,2 |
| Estremadura | 1.973,87 | 128,3 | 2,2 | 15,48 | 119,7 | 6,6 |
| Galicia | 2.113,47 | 121,5 | 2,5 | 16,37 | 113,5 | 5,1 |
| Madrid, Comunidade de | 2.935,33 | 126,7 | 1,7 | 21,81 | 115,2 | 4,1 |
| Murcia, Rexión de | 2.063,96 | 119,9 | 0,6 | 16,22 | 113,3 | 6,7 |
| Navarra, Comunidade Foral de | 2.607,72 | 123,1 | 2,1 | 20,63 | 114,6 | 6,6 |
| País Vasco | 2.588,14 | 115,2 | 3,4 | 21,29 | 106,1 | 7,1 |
| Rioxa, A | 2.320,52 | 135,1 | 5,0 | 18,40 | 126,5 | 6,7 |

*Fonte: INE*

## Cadro 6: Outros custos por comunidades autónomas. Segundo trimestre de 2025

| | Outros custos por traballador e mes | | | Outros custos por hora efectiva | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Espazo | Euros | Índice (2016=100) | Taxa interanual | Euros | Índice (2016=100) | Taxa interanual |
| España | 840,04 | 125,5 | 4,0 | 6,45 | 113,4 | 6,6 |
| Andalucía | 760,38 | 124,9 | 2,6 | 5,84 | 113,6 | 6,0 |
| Aragón | 824,89 | 127,0 | 4,7 | 6,39 | 115,8 | 8,9 |
| Asturias, Principado de | 795,14 | 116,5 | 0,3 | 6,36 | 109,5 | 4,8 |
| Baleares, Illas | 837,03 | 140,7 | 4,0 | 6,04 | 112,1 | 5,4 |
| Canarias | 729,60 | 130,7 | 3,4 | 5,54 | 107,4 | 5,1 |
| Cantabria | 909,34 | 137,7 | 20,5 | 7,19 | 131,2 | 22,9 |
| Castela e León | 773,73 | 125,1 | 5,7 | 6,09 | 116,0 | 8,6 |
| Castela-A Mancha | 764,30 | 121,3 | 2,0 | 5,84 | 112,1 | 3,9 |
| Cataluña | 902,34 | 127,8 | 4,9 | 6,94 | 113,6 | 6,6 |
| Comunidade Valenciana | 769,25 | 126,3 | 3,6 | 5,91 | 114,1 | 4,8 |
| Estremadura | 714,99 | 127,3 | 5,2 | 5,61 | 118,9 | 10,0 |
| Galicia | 768,26 | 123,3 | 2,0 | 5,95 | 115,3 | 4,8 |
| Madrid, Comunidade de | 933,39 | 123,6 | 3,7 | 6,94 | 112,5 | 6,3 |
| Murcia, Rexión de | 748,40 | 121,4 | 1,7 | 5,88 | 114,8 | 7,9 |
| Navarra, Comunidade Foral de | 920,06 | 122,5 | 2,0 | 7,28 | 114,1 | 6,4 |
| País Vasco | 994,44 | 122,7 | 6,0 | 8,18 | 112,8 | 9,8 |
| Rioxa, A | 774,26 | 126,1 | 4,2 | 6,14 | 118,1 | 6,0 |

*Fonte: INE*

## Cadro 7: Vacantes por comunidades autónomas. Segundo trimestre de 2025

| Espazo | Número de vacantes |
|---|---|
| España | 149.739 |
| Andalucía | 23.808 |
| Aragón | 5.326 |
| Asturias, Principado de | 1.787 |
| Baleares, Illas | 3.652 |
| Canarias | 8.127 |
| Cantabria | 1.495 |
| Castela e León | 9.632 |
| Castela-A Mancha | 5.735 |
| Cataluña | 26.323 |
| Comunidade Valenciana | 15.475 |
| Estremadura | 1.847 |
| Galicia | 5.545 |
| Madrid, Comunidade de | 29.403 |
| Murcia, Rexión de | 1.753 |
| Navarra, Comunidade Foral de | 2.974 |
| País Vasco | 6.066 |
| Rioxa, A | 792 |

*Fonte: INE*